ASEPEYO

Ficha de servizos Asepeyo

Redución na cotización por risco durante o embarazo ou a lactación natural

O subsidio por risco durante o embarazo ou durante a lactación natural protexe o período de suspensión do contrato de traballo nos casos en que unha muller embarazada ou en período de lactación natural ocupe un posto de risco para a súa saúde, a do feto ou a do neno (ata os nove meses) e non se puido adaptar o seu posto de traballo, nin recolocala noutro (da mesma ou distinta categoría) que non entrañe ningún risco. No caso de situacións de risco, estas deben ser ocasionadas por axentes, procedementos ou condicións do traballo ou a actividade desenvolvida.

Traballadoras por conta allea

Tras a publicación do Real decreto lei 1/2023, establécense as seguintes bonificacións para as empresas con traballadoras en situación de risco durante o embarazo ou a lactación natural.

Ata o 31 de agosto de 2023

Contratos de interinidade que se celebren con persoas desempregadas para substituír a traballadoras que teñan suspendido o seu contrato de traballo por risco durante o embarazo ou por risco durante a lactación natural: 100% das cotas empresariais á Seguridade Social, que se aplicará mentres coincidan no tempo a suspensión da actividade polas devanditas causas e o contrato de interinidade do substituto/a e, en todo caso, co límite máximo do período de suspensión.

Cotización das persoas traballadores substituídas nas devanditas situacións de risco durante o embarazo e durante a lactación natural: 100% da achega empresarial por tódalas continxencias cando se celebren contratos de interinidade con desempregados.

Cambio de posto a unha persoa por risco no embarazo ou durante a lactación: 50 % da achega empresarial na cotización á Seguridade Social por continxencias comúns.

A partir do 1 de setembro de 2023

Contratos de duración determinada que se celebren con persoas mozas desempregadas, menores de 30 anos, para a substitución de persoas traballadoras que estean a percibir as prestacións económicas por risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural: 366 euros ao mes.

Cotización das persoas traballadoras substituídas durante as situacións de risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural: 366 euros ao mes.

Cambio de posto a unha persoa por risco no embarazo ou durante a lactación: 138 euros ao mes.

Debe terse en conta que se está a substituír unha bonificación do 100% nas cotas empresariais á Seguridade Social por unha contía fixa de 366 euros/mes. Estas cantidades cobren o 100% unicamente naquelas persoas traballadoras que cobren o Salario Mínimo Interprofesional, é dicir que, na maioría dos casos, as empresas deberán abonar a diferenza de cotizacións.

Traballadoras por conta propia

O Real decreto lei 13/2022 e, posteriormente, o Real decreto lei 14/2022 modifica a Lei do Estatuto Autónomo e establece o seguinte no seu artigo 38 para as traballadoras por conta propia, así como as incluídas no Réxime Especial do Mar (grupo primeiro de cotización):

Terán dereito, durante os períodos de descanso por risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural, a unha bonificación do 100% da cota por continxencias comúns resultante de aplicar á base media que tivese o traballador nos doce meses anteriores á data na que inicie esta bonificación, o tipo de cotización para continxencias comúns vixente en cada momento, excluído o correspondente á incapacidade temporal derivada das devanditas continxencias.